

Organízate e loita


Este **Primeiro de Maio**, a **CGT** da Coruña está novamente na rúa. O agravamento da situación laboral dos traballadores da comarca ante a indiferencia dos responsables políticos fai que teñamos que denunciar publicamente as falcatruadas impunes da patronal. De feito, os gobernos que se pretenden de esquerdas, tanto central como autonómico, sen esquecer ó Concello da Coruña, se limitan a facer valeiras declaracións de solidariedade, pero sen utilizar os mecanismos que posúen para frear a sangría de postos de traballo na comarca. Neste senso, os casos de **La Toja** e de **Atento** son paradigmáticos: declaracións públicas de repulsa, mediación das chamadas autoridades e, con sorte, as empresas conseguirán o que querían: a redución de postos de traballo por un custo lixeiramente superior ó calculado inicialmente.



Pero a **CGT** non acepta esta situación que deixa ós traballadores indefensos, no paro e cuns poucos cartos máis no peto, cartos que se esfumarán máis cedo que tarde. A **CGT** non pode aceptala desaparición constante de postos de traballo e, moito menos, que os empresarios segan enchendo as súas arcas a costa da das penurias, explotación e inseguridade laboral dos traballadores. A **CGT** non acepta ese sindicalismo pactista que só supón un continuo retroceso nos dereitos laborais, e a **CGT** non acepta ese derrotismo de que as cousas son así porque non é posible que sexan de outra maneira.

Non podemos esquecer, no **Día do Traballo**, ós compañeiros que xa non están con nós. Mil douscentos traballadores perderon a vida en accidentes de traballo en España durante o ano pasado, case catro cada día. Destes traballadores, máis de vinte eran da provincia da Coruña. A **CGT** négase a admitir como inevitables estas mortes, froito da

avaricia empresarial e da indiferencia das chamadas autoridades laborais, en especial da inútil Inspección de Traballo. Cada un deses mortos é unha proba palpable do que somos para o sistema capitalista: animais ós que muxir, ós que espremer ata a última pinga de sangue; máquinas que en canto están inservibles van para o esgace.



Tampouco podemos esquecer hoxe o que este sistema inxusto está provocando en tódalas partes do mundo: a sangría cotiá en Iraq, onde vai xa medio millón de mortos, as guerras ocultas de Sudán, de Palestina, de Chechenia... O exército español mantén, hoxe mesmo, tropas na guerra de Afganistán, un país en estado bélico desde hai máis de vinte anos grazas á política das grandes potencias e das súas multinacionais. Tamén hai que lembra-la situación de resistencia popular en Oaxaca, en Chiapas e noutras partes do mundo. Vaia con eles e coas vítimas da rapina capitalista o noso apoio solidario.

Por todo isto, a **CGT** está na rúa hoxe. A **Federación Local Obreira** considera que hai suficientes motivos para

que as organizacións sindicais estiveran xuntas este **Primeiro de Maio**. Sen embargo, os enfrontamentos entre as cúpulas das organizacións chamadas maioritarias non permitiu facer un acto unitario como a ocasión o requiría. Pero non importa; aquí está a **CGT** para denunciar publicamente este sistema inxusto, a explotación do home polo home, a iniquidade da propiedade privada dos medios de produción e a usurpación da vontade colectiva por institucións políticas que só están ó servizo absoluto do poder económico.

E que podemos facer para enfrontármonos a esta situación? Para nós, a resposta está clara: só a través da **organización** dos traballadores nos podemos opoñer a que esta situación continúe e nos poñerá en posibilidade de cambia-las cousas. E só a firmeza e a **loita** nos poderá da-la dignidade e o recoñecemento que como clase nos merecemos. Un mundo novo non se pode conseguir desde a covardía, o egoísmo e a submisión. Todos sabemos, e o capitalista o primeiro, que o mendigo non ten dereito á esmola. Recuperémo-lo que é noso e construíamos unha sociedade xusta e igualitaria.

Viva a Clase Obreira!

Viva o Primeiro de Maio!

A Coruña, Primeiro de Maio de 2007



FEDERACIÓN LOCAL OBREIRA
CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO (CGT)

Rúa Simón Bolívar, 89, baixo
A CORUÑA
Tlf. / Fax. 981.128.477

coruna@cgtgalicia.org
www.cgtgalicia.org